

## MESA SECTORIAL

### 12/03/2024

#### **1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 16 DE XANEIRO E 5 DE MARZO.**

Apróbanse as actas das referidas sesións unha vez feitas as alegacións pertinentes por parte das Organizacións Sindicais.

Antes de pasar ao seguinte punto da Orde do día a **Administración informa de que non puideron facerse modificacións por parte de AMTEGA no Boletín de cualificacións de Educación Infantil para este trimestre pero que si se van a poder marcar ou desmarcar todos ou parte dos criterios de avaliación que veñen arrastrados das programacións didácticas para que cada titor/a poida adaptar o boletín ao seu grupo.**

En relación a PIALE informa que calquera modificación que se quixese introducir no texto da convocatoria suporía (segundo os servizos xurídicos) a obriga de apertura de novo prazo (o que non sería viable pola necesidade de tarefas de xestión). A comisión de selección, na súa primeira reunión, establecerá criterios de redistribución de posibles prazas vacantes e tamén haberá un documento que estableza as causas xustificadas de renuncia a unha praza concedida.

Ante esta información, ANPE Galicia reitera a súa petición de oferta de prazas para o profesorado de EOI e, para non parar prazos, demandamos unha convocatoria nova específica para este colectivo.

#### **2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CALENDARIO ESCOLAR 2024/2025.**

Comezar denunciando e lamentando que, **unha vez máis, se perda a ocasión de abordar unha reforma en profundidade do calendario escolar.** Máis tendo en conta que o ano pasado a Administración se tiña comprometido a iso. Hai un desequilibrio enorme entre os tres trimestres do curso (70, 65 e 53). Demandamos un

equilibrio dos trimestres e que se dea liberdade para establecer as datas de avaliación e que non se vinculen a determinadas datas concretas. **Non se poden superar os 175 días lectivos (a proposta que nos fai a administración é de 176 días) polo que propoñemos que se retire como lectivo o día 6 de marzo.**



Como facemos tamén habitualmente ano tras ano demandamos que o calendario escolar sexa de aplicación a todos os centros que imparten ensinanzas reguladas e non soamente aos centros sostidos con fondos públicos. Todos debemos ter as mesmas regras de xogo.

Con respecto ao calendario de Formación Profesional consideramos que debe flexibilizarse e adaptarse en función da duración dos ciclos formativos.

Tamén demandamos que o transporte escolar non sexa condicionante da xornada escolar dos centros educativos e que, en todo caso, se recupere a xornada reducida en xuño e setembro.

**Nos IES debe establecerse unha normativa única para a eliminación da xornada de tarde** xa que hai Xefaturas Territoriais onde se permite sen ningún tipo de problema e outras nas que non.

**Debe flexibilizarse tamén a data de entrega das programacións didácticas.** Consideramos que o día 20 é demasiado cedo por un motivo: as programacións didácticas deben elaborarse en función do tipo de alumnado que o profesorado teña cada curso e tendo en conta que o curso

## MESA SECTORIAL

### 12/03/2024

comeza o día 11 non hai tempo suficiente para coñecer o tipo de alumnado co que se conta. **A Administración resposta que a data de entrega será flexible e revisarán a redacción do texto neste sentido.**



Demandamos que se retire o apartado 4 do artigo 4 que establece que o período de adaptación será ata o 13 de setembro. O período de adaptación debe extenderse a todo o mes de setembro. **A Administración resposta que engadirá algún día máis pero non considera necesario extendela a todo o mes de setembro xa que a ampla maioría do alumnado que se incorpora en 4º de E.I provén xa de escolas infantís.**

En relación ao artigo 14 consideramos que o horario do profesorado xa ten a súa regulación normativa.

### **3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CONCURSO DE DIRECCIÓN.**

Comezar dicindo que este non é o modelo de elección de dirección que defende ANPE. ANPE considera que a elección da dirección debe emanar dos claustros dos centros educativos.

ANPE Galicia ven de asinar un Acordo que supón unha mellora económica para os cargos directivos pero aínda así consideramos que **non se ten a valoración suficiente para facer máis atractivos os cargos directivos. Supoñen unha carga de traballo inxente para a recompensa que ten o seu desempeño. Debería abrirse o debate sobre a consolidación do complemento a todos os membros dos equipos directivos.**

Consideramos que debería adaptarse, como fai case toda a normativa educativa galega, esta Orde á normativa europea que establece como requisito ter determinada antigüidade como funcionario de carreira. Concretamente no artigo 2.1.a) fala de ser funcionario de carreira e debería dicir funcionario dun corpo docente. Entendemos que hai casos nos que non se pode exercer a dirección por sentenza xudicial (como é o caso do profesorado de relixión aínda que nos casos nos que a está a exercer o está facendo coa mesma profesionalidade que o resto de compañeiros/as)



En relación ao artigo 2e) solicitamos que a documentación acreditativa de ter realizado o curso de dirección poida presentarse no momento en que os aspirantes seleccionados teñan que achegar toda a documentación xa que hai xente que está a facer o curso e non vai a dar chegado a tempo para a convocatoria.

No artigo 3.1.c) demandamos que se publiquen os criterios de valoración do proxecto de dirección. **A Administración resposta que traballará nunha rubrica para incorporar á Orde.**

Demandamos, xa que soamente se pode presentar a solicitude por sede electrónica, que se manteña o texto da Orde do curso pasado onde se indicaba como proceder no caso de non dispor de conta ou Chave.

No artigo 4.1 demandamos que se amplíe o prazo a 20 días hábiles.

No artigo 5 solicitamos que a sede e localidade sexa o o propio centro educativo e non quedar a



## MESA SECTORIAL

### 12/03/2024

elección da presidencia da comisión. Tamén demandamos que a presidencia da comisión non sexa designada pola Administración senón pola propia comisión.

Desde ANPE facemos a queixa de que non se respecten na Orde os ditames do Consello Escolar de Galicia en relación ás proporcións de participación de cada colectivo na comisión.

No artigo 7.4 demandamos a eliminación da entrevista.

No artigo 8.2 consideramos que non debería establecerse unha nota de corte. A valoración do proxecto de dirección debe ser de “apto” ou “non apto”.

No artigo 8.3 consideramos que se debe favorecer de xeito efectivo a elección de candidatos/as do propio centro educativo.ç



Demandamos que se incorpore un apartado 8.6 que estableza a publicación das puntuacións e do proceso de selección.

No artigo 11 consideramos que o nomeamento das direccións, no caso de non seleccionar ningún candidato/a, debería ser por un ano en lugar de dous para permitir a presentación futura de posibles candidaturas.

En relación ao Anexo I demandamos que a Orde inclúa a elección de dirección dos CIFP.


En relación ao Anexo II (baremo) consideramos que os apartados 2.1 e 2.4 deberían ter a mesma puntuación. O mesmo ocorre cos apartados 2.2 e 2.5. Debe eliminarse o apartado 2.3. No

apartado 6 a valoración debería ser de “apto” ou “non apto”.

**Por último, demandamos recoñecemento administrativo e económico para quen substitúa a un membro dun equipo directivo.**

#### 4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PLAN DE IGUALDADE.

A Administración informa que se vai a comezar cos traballos para a elaboración do Plan de Igualdade.



O primeiro que hai que facer é constituír unha comisión formada por representantes da administración e da parte social. Despois debería establecerse un regulamento de funcionamento de dita comisión e facer unha diagnose da situación para poder comezar a traballar no Plan de Igualdade e os protocolos derivados do mesmo.

A proposta da Administración é reunirse coa parte sindical para constituír a comisión despois do período non lectivo de Semana Santa.

#### 5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- ANPE Galicia demanda a convocatoria do concurso de méritos de prazas de atención preferente. **A Administración resposta que se vai a convocar.**
- ANPE demanda, como ven facendo desde hai moitos anos, que se flexibilice a compatibilidade para permitir unha segunda actividade económica para o profesorado na liña na que o están a facer outras comunidades autónomas.

## MESA SECTORIAL

12/03/2024

- **Demandamos información sobre un proxecto de integración de unitarias de Padrón e Dodro** que enviaron o curso pasado e que no tivo contestación por parte da Administración.
- **Demandamos instrucións aos centros sobre a regulación do pagamento de dietas** nas excursións tanto ao estranxeiro como dentro do territorio nacional. **A Administración resposta que hai unha norma clara.**
- De cara ao sorteo de tribunais habería que estipular a renuncia de persoas que están seleccionadas para PIALE ou están noutro tipo de actividades como formación para desempregados, CFR, etc. **A Administración estudará todas estas casuísticas.**
- Denunciamos os problemas que teñen os centros para atopar empresas para que o alumnado de FP poida facer a FCT derivados dos cambios neste módulo pola obrigatoriedade de dalos de alta na SS.
- **En relación a licenzas e permisos demandamos unha actualización da normativa despois das modificacións recollidas a nivel Estatal.**
- Trasladar determinadas queixas que nos fai certo profesorado de polos creativos e programa Raogal.

**En relación ao CXT a Administración resposta que sairá posiblemente a resolución definitiva a semana que ven e a publicación en DOG será despois de Semana Santa. Haberá unha corrección de erros nas vacantes definitivas.**

